

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31 DE XANEIRO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta e un de xaneiro de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta en funcións, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Excusan a súa asistencia:

D. José Fernández Ramos (PSOE), mediante Decreto de delegación de funcións.
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo (VB), indicado no acuse de recibo da Convocatoria.

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutierrez Ortiz
A secretaria xeral: D.^a M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 22 E 29 DE NOVEMBRO, E, 3 E 12 DE DECEMBRO DE 2007.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2007.

3.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DA ALCALDÍA 944/2007, DE 26 DE DECEMBRO, EN RELACIÓN Á SUBSTITUCIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS EN PLANS PROVINCIAIS.

4.- ASUNTOS URXENTES

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 22 E 29 DE NOVEMBRO, E, 3 E 12 DE DECEMBRO DE 2007.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 22 e 29 de novembro, e, 3 e 12 de decembro de 2007.

A Sra. alcaldesa en funcións pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non formulándose, apróbanse as ditas actas por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2007.

Seguidamente dáse conta aos/ás asistentes da proposta de alcaldía, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di: *“O Pleno Municipal na sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2007, aprobou a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, que presentaba o seguinte resumo xeral con referencia ó 31 de decembro de 2006*

<i>EPÍGRAFE</i>	NATUREZA DOS BENS	VALORACIÓNS
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995: <i>RÚSTICAS + URBANAS:</i>	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2005:	
	<i>Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-11):</i>	838.689,13 €
	<i>Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):</i>	142.166,89 €
	<i>Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas1-3):</i>	367.606,69 €
	Ano 2006:	
	<i>Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (ficha 12):</i>	12.020,24 €

2º.- DEREITOS REAIS:	<i>Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (ficha 4):</i>	25.152,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	3.341.934,48 €
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC :	Non constan	
	Anos: 1996 á 2005: <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (fi. 1)</i>	400,00 €
	Ano 2006: <i>Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (fi. 2)</i>	400,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	800,00 €
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	
5º.- VEHÍCULOS:	Anos: 1977 á 1995:	180.306,59 €
	Anos: 1996 á 2005 (fichas 1-9):	127.742,97 €
	Ano 2006: <i>Subepígrafe 5.1.- VEHÍCULOS (ficha 10)</i>	56.975,00 €
	<i>Subepígrafe 5.2.- OUTROS VEHÍCULOS (ficha 11)</i>	4.540,00 €
	TOTAL EPÍGRAFE 5º.....	369.564,56 €
6º.- SEMOVIENTES:	Non constan	
7º.-BENS MOBLES:		189.165,72 €
	Anos: 1977 á 1995: 1996 á 2005: <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-230):</i>	205.335,04 €
	<i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-15):</i>	21.963,08 €
	<i>Subepígrafe 7.3.- EQUIPOS INFORMÁTICOS (fichas 5-45):</i>	40.102,32 €
	<i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-20):</i>	15.018,88 €
	Ano 2006 <i>Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 231-232)</i>	24.606,51 €
	<i>Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 16-19):</i>	9.687,55 €
	<i>Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas: 46-47):</i>	825,11 €
	<i>Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 21-22):</i>	2.145,18 €
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	508.849,39 €
8º.- BENS DEREITOS REVERTIBLES:	Anos: 1996 á 2006: <i>8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)</i>	17.490,00 €
	<i>8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):</i>	15.025,31 €
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	32.515,31 €
	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	4.253.663,74 €

Producíronse as seguintes **variacións** ata o 31 de decembro do **ano 2007**

ALTAS

EPÍGRAFE 1.º INMOBLES:

1.3.- CONSTRUCIÓNS

Edificio destinado a Servizos Sociais, Formación, Emprego e Promoción Económica(Ficha 5)

262.993,07.- €

Total Epígrafe 1.º..... 262.993,07.- €

EPÍGRAFE 3.º MOBLES DE CARÁCTER HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO

3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO

<i>Cadros de diferentes pintores, destinados ao edificio A Senra (ficha 3)</i>	3.422,00.- €
<i>Escultura dedicada á memoria dos fundadores da Senra (ficha 4)</i>	29.990,00.- €
Total Epígrafe 3º	33.412,00.- €

EPÍGRAFE 5.º VEHÍCULOS:

<i>5.1.- Vehículos contra incendios (ficha 12)</i>	119.980,00 €
<i>Vehículo destinado á policía local (ficha 13)</i>	18.980,00 €
<i>Vehículo para os servizos xerais do Concello (ficha 14)</i>	10.358,43 €
Total Epígrafe 5º	149.318,43.- €

EPÍGRAFE 7.º MOBLES:

7.1.- MOBILIARIO:

<i>Mobiliario para distintos parques infantís do Concello (fichas 233-240 , 253, 254, 257 e 258)</i>	32.270,16.- €
<i>Mobiliario destinado ao edificio de usos múltiples do Polígono (ficha 241)</i>	13.219,02.- €
<i>Mobiliario destinado a diferentes Centros Sociais, Casa da Cultura e Escola infantil (fichas 242-252)</i>	32.683,28.- €
<i>Mobiliario destinado ao edificio A Senra (fichas 255 e 256)</i>	105.992,87.- €
Total.....	184.165,33.- €

7.2.- EQUIPAMENTOS:

<i>Fotocopiadoras C. Cultura e edificio S. Sociais (fichas 20 e 22)</i>	11.883,04.- €
<i>Centraliña telefónica do Concello (Ficha 21)</i>	9.453,82.- €
<i>Emisor térmico e programador (ficha 23)</i>	310,80.- €
Total	21.647,66.- €

7.3.- EQUIPOS PROCESOS INFORMÁTICOS:

<i>Equipos informáticos para o edificio de Servizos Sociais, Formación, Emprego e Promoción Económica (ficha 43)</i>	6.252,42.- €
<i>Equipos informáticos para os servizos económicos (ficha 44)</i>	1.875,72.- €
Total.....	8.128,14.- €

7.4.- OUTROS MOBLES:

<i>Electrodomésticos escola infantil (ficha 23)</i>	1.107,00.- €
<i>Motoserra, cortacésped desbrozadora (fichas 24-26)</i>	2.882,81.- €
<i>Televisor plasma (ficha 27)</i>	1.276,00.- €
<i>Cortacésped con recolledor (ficha 28)</i>	1.700,00.- €
<i>Lavadora e secadora para o servizo de axuda no fogar (ficha 29)</i>	2.149,00.- €
Total	9.114,81.- €

Total Epígrafe 7º 223.055,94.- €

Valor total altas 668.779,44 €

BAIXAS:

EPÍGRAFE 1.º INMOBLES: (actualizacións)

1.1.- FINCAS URBANAS

- Labradío ó sitio denominado Taimonde (vinte áreas). Cedida á Consellería de Educación, segundo acordo plenario de 6/02/1998. (ficha 1) -68.923,41 €

- Terreo pertencente a un tramo do antigo camiño que partía da estrada AC-164 a Armuño, desafectado do uso público por modificación das Normas Subsidiarias, Acordo Plenario de 23/11/01 e permutada posteriormente cunha propiedade de Manuel Rey, S.A., acordo plenario de 9/05/02 (ficha 8) -47.281,37 €

7.3.- EQUIPOS PROCESOS INFORMÁTICOS:

Impresoras (fichas 5, 6 e 9) - 1.877,21 €

7.4.- OUTROS MOBLES:

1 medalla corporativa. Pleno 28 setembro de 2006. - 139,95 €

Valor total baixas....-118.221,94 €

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Resumo ó 31 de decembro/06:

A) METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

B) INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación 17.281,07 €

ALTAS E BAIXAS ano 2007:

Non se produciron

En base ó exposto, e, vistos os artigos 32, 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipal con referencia ó 31 de decembro de 2007, e, así mesmo, separado, a do Patrimonio Municipal do Solo, cos seguintes resumos:

EPÍGRAFE	NATUREZA DOS BENS	VALORACIÓNS
1º INMOBLES:	Anos: 1977 á 1995: RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2006:	
	Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-12):	850.709,37 €
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):	142.166,89 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas1-4):	392.758,69 €
	Ano 2007:	
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (ficha 5):	262.993,07 €
	BAIXAS:	
	Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1 e 8)	-116.204,78 €
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	3.488.722,77 €
2º.- DEREITOS REAIS:	Non constan	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC :	Anos: 1996 á 2006	
	Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-2)	800,00 €
	Ano 2007:	
	Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f. 3-4)	33.412,00 €

	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	34.212,00 €
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	<i>Non constan</i>	
5º.- VEHÍCULOS:	Anos: 1977 á 1995:	
	Anos: 1996 á 2006 (fichas 1-11):	180.306,59 €
	Ano 2007:	
	Subepígrafe 5.1.- VEHÍCULOS (fichas: 12 á 14)	189.257,97 €
	Subepígrafe 5.2.- OUTROS VEHÍCULOS: <i>Non se produciron</i>	149.318,43 €
	TOTAL EPÍGRAFE 5º.....	518.882,99 €
6º.- SEMOVIENTES:	<i>Non constan</i>	
7º.-BENS MOBLES:	Anos: 1977 á 1995:	189.165,72 €
	1996 á 2006	
	Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-232):	229.941,55 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-19):	31.650,63 €
	Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS (fichas 7,8,10-45):	40.927,43 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-22):	17.164,06 €
	Ano 2007:	
	Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 233-258)	184.165,33 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 20-23):	21.647,66 €
	Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas:43-44):	8.128,14 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 23-29):	9.114,81 €
	BAIXAS:	
	Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas 5,6,9)	-1.877,21 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES, medalla corporativa	-139,95 €
		2.017,16 €
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	729.641,48 €
8º.- BENS DEREITOS REVERTIBLES:	Anos: 1996 á 2006:	
	8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)	17.490,00 €
	8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):	15.025,31 €
	Ano 2007::	
	<i>Non constan</i>	
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	32.515,31 €
	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	4.803.974,55 €

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, ao 31 de decembro/2007

METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación 17.281,07 €

Bergondo, 21 de xaneiro de 2008.=O alcalde=José Fernández Ramos”

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, e, en consonancia co ditame da Comisión informativa, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DA ALCALDÍA 944/2007, DE 26 DE DECEMBRO, EN RELACIÓN Á SUBSTITUCIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS EN PLANS PROVINCIAIS.

A continuación dáse lectura ao Decreto de Alcaldía 944/2007, de 26 de decembro, que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrito literalmente di:

“O Pleno municipal deste concello, na sesión que tivo lugar o día 26 de abril 2007, aprobou o Plan de Cooperación Provincial (PCP) 2007, no que incluía a obra nomeada PRAZA PÚBLICA EN SAN FIZ DE VIXOI (PARROQUIA DE VIXOI) BERGONDO, cun importe de 203.359,22 euros, coincidente integramente coa contía asinada pola Deputación Provincial. Na dita sesión aprobouse, así mesmo, o Plan Complementario do ano 2007 no que se incluía a obra BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR, cun importe de 213.715,41 euros, para ser financiada co remanente que se puidera xerar pola baixa da licitación da obra incluída no PCP, ou pola súa anulación, de xeito que a súa aprobación definitiva quedaba condicionada a que se producira algún destes casos.

Tendo en conta que actualmente aínda se están a tramitar as actuacións para dispoñer dos terreos necesarios para a execución da obra PRAZA PÚBLICA EN SAN FIZ DE VIXOI (PARROQUIA DE VIXOI) BERGONDO, incluída no PCP do ano 2007, e, de acordo co exposto no parágrafo anterior,

RESOLVO:

Primeiro: *substituír a obra nomeada PRAZA PÚBLICA EN SAN FIZ DE VIXOI (PARROQUIA DE VIXOI) BERGONDO, incluída no Plan de Cooperación Provincial (PCP) 2007, cun importe de 203.359,22 euros, pola que foi incluída no Plan Complementario ano 2007, nomeada BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR, cun importe de 213.715,41, pasando a anterior ao Plan complementario ano 2007, polo que quedarían do seguinte xeito:*

Plan de Cooperación Provincial (PCP) 2007

<u>Obra</u>	<u>Importe</u>
BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR	213.715,41 €

Plan complementario do ano 2007

<u>Obra</u>	<u>Importe</u>
PRAZA PÚBLICA EN SAN FIZ DE VIXOI (PARROQUIA DE VIXOI)	203.359,22 €

Segundo: *dar conta ao Pleno municipal, na vindeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.*

Bergondo, 26 de decembro de 2007=O alcalde=José Fernández Ramos”

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de BNG, Manuel Parga Fernández, e di que o seu grupo se ben dá o seu apoio ao goberno municipal neste asunto, quere manifestar que esa praza foi utilizada polo PSOE como propaganda electoral e aínda non se teñen os terreos.

A Sra alcaldesa en funcións, manifesta que o equipo de goberno segue a traballar na consecución dos terreos.

A continuación o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel pregunta quen vai pagar a diferenza económica entre os orzamentos dos proxectos técnicos das dúas obras.

A Sra. alcaldesa en funcións di que o gasto desa diferenza será asumido polo Concello.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, ratifica o Decreto que se acaba de transcribir.

4.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa en funcións, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria; presentáronse os seguintes:

A Sra. alcaldesa en funcións solicita que se inclúa neste punto da orde do día, o dar conta da solicitude de inclusión do Concello de Bergondo no Plan de Transportes Metropolitano da Xunta de Galicia na área da Coruña, e xustifica a urxencia no inicio dos trámites para asinar o Convenio no que xa están incluídos o resto dos concellos da área.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

4.1.- Solicitude de inclusión do Concello de Bergondo no Plan de Transportes Metropolitano da Xunta de Galicia na área da Coruña.

A continuación dáse lectura á solicitude de inclusión do Concello de Bergondo no *Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña*, e que se levará a cabo de acordo co sinalado na estipulación Décima do citado Convenio.

A dita solicitude remitirase á Directora Xeral de Transportes, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

O Sr. voceiro de BNG, Manuel Parga Fernández, di que o seu grupo xa presentou un rogo neste senso, polo que apoian a solicitude que se acaba de ler.

O Pleno manifesta a súa conformidade coa solicitude á que se deu conta, e queda enterado.

Seguidamente a Sra. alcaldesa en funcións solicita a inclusión neste punto da orde do día, a aprobación das bases específicas para o concurso ordinario do posto de traballo da Intervención municipal, xustifícase a urxencia en que hai que remitalas, debidamente aprobadas polo Pleno Municipal, antes do 10 de febreiro á Comunidade Autónoma. Este é primeiro ano no que a competencia deste concurso é autonómica, o que ocasionou unha demora na realización da tramitación de dito baremo

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

4.2.- Aprobación das bases específicas para o concurso ordinario do posto de traballo da Intervención municipal. Adopción de acordo que proceda.

A continuación dáse conta da proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“O posto de traballo da intervención Municipal atópase vacante, tal e como figura no anexo de persoal que forma parte do orzamento municipal para o exercicio 2008. No momento actual a forma de cobertura existente é unha comisión de servizos concedida por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local.

Existe a necesidade de cubrir a praza con carácter definitivo, para este fin o RD 1732/1994, do 29 de xullo, de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, modificado por RD 834/2003, do 27 de xuño; a Orde do 8 de setembro de 1994, do Ministerio de Administracións Públicas, pola que se aproba o modelo de convocatoria conxunta e bases comúns polas que se rexerán os concursos ordinarios para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e a Orde do 10 de agosto de 1994, pola que se ditan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a estes funcionarios, establecen as formas de provisión, entre as que se atopa o concurso ordinario, para o que o Concello pode aprobar un baremo específico de méritos, que se engadirán ó baremo de méritos xerais e ó baremo de méritos autonómicos.

Por todo isto, PROPOÑO o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar as seguintes bases específicas polas que se rexerá o concurso ordinario para a provisión do posto de traballo da Intervención municipal do Concello de Bergondo:

Entidade: Bergondo

Posto: Intervención

Clase: Segunda

Subescala: Intervención-Tesourería

Categoría: Entrada

Nivel de complemento de destino: 30

Complemento específico: 2.043,88 € mes

Méritos específicos:

1.- Experiencia profesional (ata 3 puntos):

Desempeño de postos de intervención reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, pertencentes á subescala de Intervención-Tesourería, categoría de entrada, con nivel de complemento de destino 30, en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo cos seguintes criterios:

- a) En concellos cos catro últimos orzamentos aprobados superiores ós 5.500.000,00 euros nos créditos iniciais dos estados de gastos correspondentes, (0,10 puntos/mes completo, ata un máximo de 2 puntos)*
- b) No resto de concellos (0,10 puntos/mes completo, ata un máximo de 1 punto)*

A efectos de valoración, consideraranse os servizos prestados tanto con carácter definitivo como por calquera das formas de provisión previstas no artigo 10.2 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo.

2.- Formación e perfeccionamento (ata 4,5 puntos):

- a) Pola superación de cursos nas seguintes materias de índole económico: financiamento das Corporacións Locais, e/ou contabilidade, impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública ou escolas ou institutos oficiais de administración pública das distintas Comunidades Autónomas, segundo os seguintes criterios e ata un máximo de 1 punto:*

- Por cada curso de máis de 90 horas: 1 punto*
- Por cada curso de entre 30 e 90 horas inclusive: 0,60 puntos*
- Por cada curso de menos de 30 horas e superior a 15 horas: 0,30 puntos*

- b) Pola superación de cursos relativos ó dereito urbanístico, organizados por centros oficiais, organismos públicos, escolas, universidades e institutos oficiais de administración pública das distintas Comunidades Autónomas, así como por entidades públicas ou privadas e demais organizacións no marco dos acordos de formación continua nas Administracións Públicas para o persoal funcionario, sempre que estén debidamente recoñecidos por Administración competente, segundo os seguintes criterios, ata un máximo de 1 punto:*

- De 200 ou máis horas: 1 punto*
- De 100 a 199 horas: 0,60 puntos*
- De 30 a 99 horas: 0,30 puntos*

- c) Por estar en posesión do título de Diploma de especialización en contabilidade e auditoría das Administracións Públicas Territoriais, organizado por centros oficiais, organismos públicos, escolas, universidades ou institutos oficiais de administración pública das distintas Comunidades Autónomas:*

- De 300 ou máis horas: 2,5 puntos*
- De menos de 300 horas: 1,25 puntos*

Medios de acreditación e valoración:

A experiencia profesional acreditarase mediante certificación expedida polo concello, organismo ou entidade na que se prestaron os servizos que se aleguen.

Os títulos e a superación dos cursos de formación e perfeccionamento, mediante os títulos, diplomas, certificados ou acreditacións suficientes expedidos polas institucións ou organismos organizadores deles.

Os documentos acreditativos dos méritos específicos deberanse presentar en orixinal ou fotocopia compulsada, á solicitude de participación no concurso.

En ningún caso se poderán valorar aqueles méritos que non se adquirisen na súa totalidade e non se atopen debidamente xustificadas no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Tampouco serán tidos en conta aqueles méritos que se baseen exclusivamente en afirmacións ditas polo solicitante na súa instancia ou nas aclaracións que ofrezca, no caso de ser solicitadas posteriormente polo tribunal, nin os que se xustifiquen por copias simples.

Entrevista e aclaracións:

Non se prevé a realización de entrevista cos concursantes. Non obstante, o Tribunal poderá recabar dos concursantes as aclaracións ou a documentación adicional pertinente, cando da presentada non resulten suficientemente acreditados os datos alegados en relación con determinados méritos específicos.

2.- Remitir antes do 10 de febreiro de 2008 o presente acordo á Comunidade Autónoma, tal e como recolle o artigo 19 do RD 1792/1994, para a inclusión do posto de traballo da Intervención Municipal do Concello de Bergondo no concurso ordinario do exercicio 2008.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 29 de xaneiro de 2008=O alcalde,=Asdo. José Fernández Ramos”

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de BNG, Manuel Parga Fernández e di que o seu grupo vai a apoiar a proposta da Alcaldía, pero quere manifestar que este é un tema importante, que debería de levarse con mais tempo.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Pola Sra. alcaldesa en funcións solicítase a inclusión neste punto da Orde do Día, o asunto referente á creación dunha Xunta Local de Protección Civil; xustifica a urxencia en que para poder optar a subvencións e distintas axudas para o Servizo de Protección Civil, ten que estar creada a citada Xunta, e hai que facer unha serie de trámites para a súa constitución, polo que deberían iniciarse á maior brevidade.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, e que constitúe a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

4.3.- Creación dunha Xunta Local de Protección Civil do Concello de Bergondo. Adopción de acordo que proceda.

A continuación dáse conta da proposta do Sr. concelleiro de Seguridade, Economía e Facenda, e Réxime Interior, Francisco Javier Santos Maseda, que transcrita literalmente di:

“D. Francisco Javier Santos Maseda, concelleiro do Concello de Seguridade, Economía e Facenda e Réxime Interior, ó abeiro das disposicións legais na materia, presenta, para a súa inclusión no vindeiro Pleno que celebre a Corporación do Concello a seguinte

MOCIÓN:

*Que se fundamenta nesta **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

Como é ben sabido, é tarefa dos concellos arbitrar as medidas óptimas tendentes a garantir a seguridade e a protección dos seus cidadáns. Nos últimos anos, vense dando un impulso importante non só por parte das propias administracións municipais, senón tamén pola propia Xunta de Galicia, a Protección Civil, entendida coma un servizo que se presta ós cidadáns para garantir a súa actividade como ser humano en todos os ámbitos da súa vida, ben a nivel individual ou ben a nivel colectivo, e contemplada como un amplo abano de actuacións que compre desenvolver para que esa garantía antedita sexa unha realidade.

Recoñecendo que é misión dos concellos aportar os recursos humanos e materiais necesarios, ou alúmenos xestionar tal aportación, así como procurar a súa coordinación en caso de necesidade, e lembrando que a xefatura en materia de Protección Civil nun concello é a Alcaldía, compre dotar ó Concello de Bergondo, dun comité que asuma unha serie de competencias, enmarcadas no que se coñece co nome de PLATERGA, ou Plan Territorial de Protección Civil de Galicia, Plan que fixa a creación de tales comités, da ideas sobre a súa composición e estipula as funcións que os mesmos terán. Tales organismos son as Xuntas Locais de Protección Civil.

Por todo o indicado, solicítase do Pleno da Corporación de Bergondo se adopten os seguintes:

ACORDOS:

- 1.- Créase a Xunta Local de Protección Civil do Concello de Bergondo.*
- 2.- A Xunta Local de Protección Civil de Bergondo, estará composta e terá as funcións que se indican no documento anexo á presente moción.*
- 3.- Do presente acordo darase traslado á Consellería de Xustiza, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Protección Civil así como a súa Delegación en A Coruña.*

O que se transmite para a súa toma en consideración e adopción de acordos se procede ó Pleno da Corporación Municipal de Bergondo, en Bergondo, trinta e un de xaneiro de dous mil oito.

Francisco Javier Santos Maseda=Concelleiro delegado da área de Seguridade, Economía e Facenda e Réxime Interior”

ANEXO (que se cita)

(Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia)

Artigo 11º.-Composición.

A Composición das xuntas locais de Protección Civil é a seguinte:

- O alcalde ou concelleiro en quen delegue, que actuará como presidente.*
- Os concelleiros con competencia en materia de protección civil e de seguridade.*
- Un representante do órgano provincial da Xunta de Galicia con competencias en materia de protección civil.*
- O xefe do Servizo de Bombeiros.*
- O xefe da Policía Local.*
- Os responsables técnicos municipais, en materia de protección civil, seguridade, ambiente, obras e servizos e servizos sociais.*
- Os xefes dos grupos operativos no ámbito local previstos no Pemu.*
- A autoridade civil municipal en materia de sanidade.*
- O responsable da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil.*
- O xefe da Policía Autonómica no ámbito local.*
- O representante da autoridade portuaria.*
- Os xefes dos corpos de seguridade do Estado no ámbito local.*
- O presidente da Asemblea Local da Cruz Vermella.*

Ademais, o presidente poderá convocar para as reunións, con voz e sen voto, ata un máximo de catro persoas atendendo ós seus coñecementos na materia.

Estes son os cargos que forman parte da Xunta Local, sempre e cando existan no concello. Por exemplo, na última Xunta Local dun concello que se constituíu, non había representante da policía autonómica, nin da Cruz Vermella (pois non había no concello).

Na constitución da xunta, ademais de detallar as funcións, cómpre insistir na necesidade de facer a lo menos unha reunión ó ano, e deste xeito ver como van as cousas en materia de protección civil, fundamentalmente a redacción e implantación dos plans que lle correspondan ó concello, activacións que se fixeron, etc...

A Delegada de Presidencia nomeará o Xefe Provincial como representante.

“Correspóndelles ás xuntas locais de protección civil, como órganos asesores de protección civil e xestión de emerxencias no ámbito local:

- a) Propor a elaboración do plan de emerxencias municipal ou supramunicipal de acordo cos riscos do concello.*
- b) Emitir informe, con carácter previo á súa aprobación, sobre os plans de protección civil elaborados.*
- c) Supervisar o desenvolvemento, a implantación, a revisión e a realización de simulacros e mais a actualización dos plans.*

- d) *Promover e supervisar o cumprimento das medidas de prevención establecidas no plan de emerxencias municipal ou supramunicipal.*
- e) *Promover as campañas de formación e información cidadá, así como o adestramento daqueles sectores da poboación que se considere necesario, consonte os riscos que os afecten.*
- f) *Analizar e avaliar o desenvolvemento do plan de emerxencias municipal ou supramunicipal unha vez concluída a situación de emerxencia e propor as correccións necesarias nel.*
- g) *Promover e impulsar as medidas que considere necesarias no ámbito da protección civil.*
- h) *Emitir informe e propor as previsións económicas e de infraestruturas que sexan necesarias para o desenvolvemento das súas competencias.*
- i) *As demais funcións que regulamentariamente se determinen.”*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións, e informa que tamén se está a traballar na elaboración do Plan de Emerxencia municipal.

O Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel manifesta que o seu grupo apoia esta moción.

O Sr. voceiro de VB pregunta se o Plan de Emerxencia redáctao un Gabinete de Seguridade. Pola Sra. alcaldesa en funcións, respóndese que si.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Seguidamente a Sra. alcaldesa en funcións solicita a inclusión neste punto da orde do día, dar conta ao Pleno da petición por parte do concello, dunha subvención para realizar a obra da praza pública en Guísamo; xustifica a urxencia na necesidade de mandar a documentación para solicitar a citada subvención, xa que o prazo remata o día 1 de febreiro.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

4.4.- Dar conta da solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia, para a execución da obra nomeada *Praza pública en Guísamo (Bergondo)*.

Dáse conta do escrito da alcaldía que transcrito literalmente di:

“En data 2 de xaneiro de 2008, publicouse no DOGa, a Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de

infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos concellos de Galicia.

En base a dita Orde, vaise a solicitar unha subvención para a realización da obra nomeada PRAZA PÚBLICA EN GUÍSAMO (BERGONDO), obra cun importe de 196.418,46 €, sendo a concesión da subvención ata dun 80% de dito importe.

Dáse conta ao Pleno para o seu coñecemento.

Bergondo, 31 de xaneiro de 2008.=O alcalde en funcións=(Decreto 57/2008 de 28 de xaneiro)=José M Francisco Mata Buyo

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións, e manifesta que no momento que se redacte o proxecto definitivo, levarase ao Pleno para a iniciación do expediente de contratación.

Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel : ¿para cando o proxecto?

Sra. alcaldesa en funcións: contamos que mais ou menos un mes.

O Pleno queda enterado.

O Sr. voceiro de VB, Francisco M. Fafián Torreiro presenta unha primeira moción referente á seguridade viaria, e xustifica a urxencia en “*debido ao cambio de asignación de partida orzamentaria reflectida en decreto Alcaldía 944/2007, incluír no alcance de obra puntos de mellora na seguridade viaria*”

Sometida a votación a urxencia deste asunto, toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel , e di que o seu grupo xa levou este asunto a diferentes Plenos, e pensa que non ha lugar a esta Moción, e por iso van votar que non á urxencia.

A Sra. alcaldesa en funcións manifesta que, xa se esta traballando niso, e de feito xa solicitaron varios presupostos para a inclusión de sinalizacións no proxecto da obra, tanto horizontais como verticais, polo que pensan que non a lugar urxente

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e manifesta que hai un acordo tácito do Pleno, no sentido de votar a favor a urxencia das diferentes mocións que se presenten ao Pleno por parte dos diferentes Grupos políticos, polo que eles van votan a favor da urxencia.

Sr. voceiro de VB: entendo que se o PSOE e o PP votan en contra, terían que volver a debater os acordos para os asuntos urxentes do Pleno.

Sr. voceiro do PP: non se trata de debater nada, ese é un tema que xa se levou ao Pleno polo PP, tanto na legislatura anterior como na presente.

Sr. voceiro de VB: considero que o feito de presentar unha pregunta nun tempo pasado non ten que ver con presentar hoxe unha Moción.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal procede á votación da declaración da urxencia; tivo como resultado: **oito (8) votos en contra** dos grupos municipais do PSdG-PSOE e PP, e **tres (3) a favor** dos grupos municipais de Veciños de Bergondo e BNG.

En consecuencia a Sra. alcaldesa en funcións declara, por maioría de votos en contra, a **non** urxencia da Moción.

O Sr. voceiro de VB, Francisco M. Fafián Torreiro, presenta unha segunda Moción referente ao acondicionamento na travesía de Santa Marta de Babío, e xustifica a urxencia nos graves e continuos incidentes na citada vía, co motivo da velocidade dos vehículos ao saír da autoestrada.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

4.5.- Acondicionamento da travesía de Santa Marta de Babío. Adopción de acordo que proceda.

A continuación o Sr. voceiro de VB, Francisco M. Fafián Torreiro, da lectura á moción presentada, que transcrita literalmente di:

“Esta travesía en vía urbana, expón un serio perigo tanto para condutores como para peóns. Non cabe dúbida de que o peón, como usuario das vías públicas, é o máis desprotexido e sempre o que leva a peor parte en calquera feito dun accidente de tráfico. Os veciños residentes nas inmediacións desta vía, enlace de AC-164 con AP-9 en Peteiro, non poden evitar a utilización da mesma en calidade de peóns, por ser o medio que lles conduce á praza ou parque infantil situado no lugar do Casal ao hospital, á casa de cultura, á igrexa, ao cemiterio, ao café-bar e, ata, é o máis idóneo para chegar á mesma Casa do Concello e outros lugares.

Debemos ter en conta, ademais, que se trata dunha vía habilitada como entrada e saída doutra rápida e de alta densidade de tráfico, Autoestrada do Atlántico AP-9, e queiramos ou non recoñecelo, ninguén dubida de que cando conducimos por autoestrada sentímonos máis seguros e facémolo a velocidade superior á que levamos cando circulamos por unha estrada convencional, e tamén debemos recoñecer que en moitos casos aínda logo de abandonar estas vías de alta velocidade e xa penetrados noutras de tráfico ordinario, seguimos influenciados por aquela sensación de seguridade que sentimos e non rebaixamos, ás veces, a velocidade do vehículo aos límites que aconsellan as condicións da nova vía na que nos atopamos. Pola súa banda, os veciños de Santa Marta de Babío, Peteiro e Rois, así como os residentes noutros núcleos próximos, aseguran sentir medo e inseguridade ao camiñar pola travesía ou cando ven na necesidade de cruzar a calzada, debido á intensidade de vehículos que circulan e á alta velocidade coa que se moven.

Tendo en conta todo isto, entendemos que é compromiso de todos fomentar a seguridade das persoas que utilizan as vías públicas, pois vale máis previr que lamentar. Non fai demasiado tempo, que nesta mesma travesía, rexistrábase un accidente con saída de vía encaixándose o vehículo contra a muralla que pecha o Pazo do Casal, abríndolle unha fenda de certas dimensións, resultando o vehículo con danos, persoas lesionadas e sen vítimas mortais, por sorte, ademais dos últimos incidentes no paso de peóns de Peteiro . Visto o anterior, os Concelleiros do GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE BERGONDO, DO CONCELLO DE BERGONDO, de acordo co artigo 91.4 do ROF presentan a seguinte:

MOCIÓN

1.º- Rebaixar a velocidade actual de 60km a 40km

2º- Pintar a estrada ,mellorar a sinalización vertical e horizontal informando da velocidade permitida.

3º- Dote de dous pasos de peóns un á altura da Casa da Cultura e outro na entrada ao hospital neurolóxico.

4º- O estudo da dotación futura de beirarrúas polo outro lado da vía

5º- O peche perimetral do parque infantil cun valo metálico que impida aos pequenos acceder á vía principal (recollido ademais como obrigaón para garantir a seguridade durante o xogo na lei 306/1997)

6º- Estudar a posibilidade de colocar máis bandas rugosas que eviten velocidades inadecuadas

7º- Solicitar de Autoestradas do Atlántico, a posibilidade de revisar o tele peaxe en Peteiro ao obxecto de que os vehículos non poidan efectuar o tele pago a unha velocidade superior aos 20 km/h. garantindo así que os vehículos NON invadan o paso de peóns de Peteiro En Bergondo, a 28 de xaneiro de 2008

Francisco Manuel Fafián Torreiro =Portavoz Grupo Municipal VB”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións, e manifesta que lles parecen axeitadas as peticións recollidas na Moción presentada, pero aínda que a titularidade da estrada mencionada non está definida, tratarase de facer polo concello algunha das propostas recollidas.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

O Sr. voceiro de BNG, Manuel Parga Fernández, presenta unha primeira moción referente á supresión da tarifa eléctrica nocturna; xustifican a urxencia en que saíu agora o Decreto que modifica as tarifas eléctricas, e que se está a debater neste momento por parte do Goberno, esta subida

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

4.6.- Supresión da tarifa eléctrica nocturna. Adopción de acordo que proceda.

Dáse lectura á moción presentada polo BNG, que transcrita literalmente di:

“Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc. que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou a instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que “Os/as consumidores acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”.

É dicir, a partires do 1 de xullo de 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que podan padecer, na factura eléctrica, pode chega ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 Euros por cliente. Uns 200 Euros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 Euros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuitos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que

contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna no pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.

Bergondo, 31 de xaneiro de 2008.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

O Sr. voceiro de BNG, Manuel Parga Fernández, presenta unha segunda moción referente á prestación eficaz do servizo de correos; xustifica a urxencia en que é un tema que está candente na actualidade.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, pasándose seguidamente a debatelos.

4.7.- Prestación eficaz do servizo de correos. Adopción de acordo que proceda.

Dáse lectura á moción presentada polo BNG, que transcrita literalmente di:

“En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos; externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e

progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notábel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado o Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa estableceíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será –dise- “todos os días laborabeis e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas ailladas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a mais de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situacións que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de

400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei. Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte

ACORDO

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento de Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2. Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.

Bergondo, 31 de xaneiro de 2008.”

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco M. Fafián Torreiro, e manifesta que o seu grupo, presentou un rogo para o punto de *rogos e preguntas* desta sesión, que ten que ver, en parte, co que presenta o BNG nesta moción; no dito rogo solicitan que por parte da Alcaldía se faga un unha queixa formal, debido as graves deficiencias que por mor das continuas rotacións do persoal que fai o servizo de repartición, está a causar aos/ás veciños/as do concello.

A Sra. alcaldesa en funcións pregunta se o grupo do BNG ten algún inconveniente en que se inclúa o exposto no rogo do grupo de VB, na proposta da Moción que acaban de presentar.

O Sr. voceiro de BNG manifesta que non teñen inconveniente en que se poña como un apartado mais no acordo.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se transcribe a continuación, e na que se engade un novo apartado na parte dispositivo, a proposta do grupo de Veciños de Bergondo:

“En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos; externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar

funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notábel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado o Regulamento reitor da prestación dos servizos postais. Mentres que coa anterior normativa estableceíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “caixas de correos individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales caixas de correos será –dise– “todos os días laborais e, polo menos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, situación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai caixa de correos, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas illadas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a mais de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente económicos e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o Pleno municipal do Concello de Bergondo, adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro: *Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento de Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.*

Segundo: *Realizar desde esta Corporación unha queixa formal ante a xerencia do Servizo de Correos, poñendo en aviso as graves deficiencias que o servizo, debido ás continuas rotacións de persoal de repartición que realizan, esta a causar aos/ás veciños/as de Bergondo esixindo unha normalización inminente da repartición.*

Terceiro: *Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.*

Bergondo, 31 de xaneiro de 2008”

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa en funcións, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 23 de novembro ao 28 de decembro de 2007, numerados de 856/2007 ao 971/2007, ámbolos dous incluídos, e dende o 24 de xaneiro de 2008, numerados do 1/2008 ao 54/2008. O Pleno queda enterado.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pola Sra. alcaldesa en funcións dáse conta aos/ás asistentes, das respostas da alcaldía ás preguntas presentadas polos grupos municipais do BNG e o PP, no último Pleno ordinario, e que son as seguintes:

Preguntas presentadas, e respostas ao grupo do Partido Popular:

1) Situación actual del acceso al Centro de Minusválidos:

O acceso ao Centro de Fiobre está coa tramitación do expediente de expropiación e de urxente ocupación dos terreos afectados, previo ao inicio das obras que se executarán ao longo do exercicio.

2) Situación con Aguas de Galicia de la carretera que va a Campo de Leis.

As obras de construción de escollera nas marxes do Rio Maior, xa están contratadas e serán financiadas conxuntamente polo concello e a Consellería de Medio Ambiente.

As obras serán executadas pola mesma empresa que está a executar a ponte e a canalización do Rio Maior.

3) *Motivos que conllevan a la retirada de la ambulancia existente en el Concello de Bergondo.*

A día de hoxe, existe unha base de ambulancia ubicada nas inmediacións do concello, e non temos constancia da súa retirada.

4) *Situación de la conexión al alcantarillado de la urbanización La Primavera-Guísamo.*

Está pendente da execución, por parte de quen corresponda da Urbanización (Comunidade de Propietarios ou Cooperativa promotora) das obras de conexión.

5) *Locales para los grupos políticos ¿en que fase se encuentran las obras de acondicionamiento de dichos locales?.*

Están os locais adaptados, pendentes dalgún subministro de mobiliario e algunhas instalacións. En breve poderemos contar con eles.

Preguntas presentadas, e respostas ao grupo do Bloque Nacionalista Galego:

1) *Informe acerca da construción de tres vivendas unifamiliares na Costa de Ouces, levada a cabo pola Promotora Galarza, S.L., e cos Números de licenzia 78/2006, 54/2006 e 55/2006, onde existía unha fonte pública que agora se atopa enterrada.*

A concesión de licenzas urbanísticas, e porén as licenzas polas que vostedes se interesan, é un acto administrativo no que a Administración recoñece o dereito que lle asiste ao administrado que solicita a licenza.

O acto administrativo de concesión de licenza é un acto regulado que, logo de ser verificado polos servizos técnicos a documentación necesaria que debe conter o expediente; logo de ter verificado que os documentos/proxectos técnicos presentados son conformes co ordenamento xurídico que lle sexa de aplicación, emítense os preceptivos informes técnico e xurídico.

Completado así o expediente, o órgano municipal que teña as competencias delegadas (Alcaldía, Concelleiro delegado ou Xunta de Goberno Local) adoptará o acordo de concesión da licenza solicitada.

Rematadas as obras, e previa concesión da preceptiva licenza de primeira ocupación, os servizos técnicos deberán emitir un novo informe no que se poña de manifesto que as obras executadas se axustan ao proxecto que motivou a licenza.

De non se axustaren, serán requiridos para que, de selo caso, legalicen a súa situación e/ou de non poder ser legalizada, procedan á demolición daqueles elementos que non se axustaren a licenza.

Todo a anterior sen prexuízo das consultas dos expedientes que están á súa disposición.

2) *¿Con que criterios se adjudicaron mais de 240.000 euros en pequenas obras á empresa Eulogio Viña, en un mes?*

Son, básicamente, obras ou actuacións sobre o viario municipal, correspondente a unidades físicas (camiños municipais) independentes, diferentes e diversas.

O procedemento de contratación é o contrato menor, que constitúe un expediente administrativo e que contén os preceptivos informes técnicos e económico-xurídicos, todo elo de acordo co previsto e regulamentado na Lei de contratos das administracións públicas. Expedientes, todos eles, que estarán á súa disposición para a súa consulta.

3) *¿Avanzouse algo nas xestións encamiñadas a lograr para Bergondo o Servizo de Transporte Adaptado? ¿Qué inconvinientes ten o Servizo da Consellería de Vicepresidencia, Programa Anta, co cal poderíamos ter o servizo en Bergondo case inmediatamente?.*

Non temos ningún indicio, ningunha constancia, ningunha modificación da que podamos deducir que a Consellería de Benestar teña intención, e moito menos a decisión ou determinación, de implantar en Bergondo o transporte adaptado do chamado Servizo Anta.

E moito menos temos constancia de que a Consellería de Benestar teña a disposición ou a determinación de nos poñer a disposición o transporte adaptado, “case inmediatamente”, como vostedes afirman na súa pregunta.

Non obstante o anterior solicitaremos da Consellería de Benestar que no ámbito das súas competencias, dote a Bergondo dun servizo de transporte adaptado.

4) *¿Realizouse algunha xestión para conquistar un Centro de Día para Bergondo?.*

Con data 20 de marzo de 2007, con núm. RXS 978 diriximos escrito a Xunta de Galicia, á Consellería de Vivenda e Solo no que se lle manifestaba a disposición deste concello de Bergondo de poñer á súa disposición os terreos dotacionais necesarios para a creación dun Centro desta ou análoga natureza.

Ata hoxe.

Non tivemos máis resposta que nos faga presumir que a Consellería de Vivenda e Solo e no seu caso a Consellería de Benestar, dentro da lóxica da coordinación que cabe supoñer ó Goberno, máxime en materias que son competencias compartidas en ámbalas dúas Consellerías, teñan intención ou determinación de levar a cabo o que vostedes plantexan na súa pregunta.

Non obstante, reiteraremos a ámbalas dúas Consellerías o noso ofrecemento.

5) *¿En que fase se atopa a redacción do Plan de Participación Cidadá e en que prazos agarda que poda estar a proposta?.*

O Goberno municipal ten na súa axenda un orde de prioridades, e nestas están todas aquelas actuacións en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos que interesan, que preocupan preferentemente ós cidadáns do concello de Bergondo.

Non obstante o anterior estamos a traballar nunha proposta de regulamento que presentaremos para a súa tramitación nun próximo Pleno.

6) *¿Con que obxetivos se realizou a intervención do alcalde na cadena COPE en xuño deste ano, que costou 348 euros ó Concello?*

Está enmarcado nos gastos de Comunicación, Publicacións etc., que con carácter institucional se realiza nos medios de comunicación, e que lle invitamos a que vostedes fagan un sumatorio destes conceptos nos distintos concellos do noso entorno, e sacarán por si soas as conclusións, que non poden ser outras que a austeridade do Concello de Bergondo.

7) *¿Realizouse algunha xestión para solucionar o problema dunha arqueta, que periodicamente se atasca e verte augas sucias na vía pública e en algunha casa, na Costa de Ouces a altura do nº 35?*

Están feitas as xestións necesarias, e adoptadas as solucións necesarias que se concretarán nun Proxecto de Saneamento que se está redactando e que proximamente será aprobado, e no que se contemplan, entre outras, varias actuacións en Ouces.

8) *¿O recheo de terra que se está a realizar na parroquia de Santa Marta, perto da estrada de Ferrol-Coruña, entre a empresa Casas Rústicas e o polígono, ten os correspondentes permisos?*

Con data de decembro de 2007, tramitase por D. Secundino Lage Corredoira, en representación de Semillas Lage, S.L. licenza número 280/2007.

A continuación dáse conta dos rogos e preguntas presentadas para este Pleno, polos Sres. voceiros dos grupos municipais.

O Grupo do Partido Popular, presentou os seus rogos e preguntas o día 29 de xaneiro, R.X. Entrada núm. 375; son os seguintes:

ROGOS:

1.- *Regulación del tráfico en el polígono de Bergondo. Solución para efectuar la carga y descarga sin interrumpir durante horas la fluidez del tráfico.*

2.- *Creación de ordenanzas fiscales.*

3.- *Arreglo del espejo situado en Sampaio (a la altura del puente).*

4.- *Creación dunha rede contra incendios no Polígono de Bergondo.*

Neste intre toma a palabra o Sr. concelleiro de Seguridade, Francisco Javier Santos Maseda, e manifesta que este tema está totalmente controlado polo servizo de Protección Civil, que revisan as tomas de auga todas as semanas. Así mesmo, hai empresas ás que por lei se lles esixe, coa concesión da licenza correspondente, outros sistemas propios para a protección contra incendios.

5.- Fuente de Loureda (Guísamo). Actualmente se encuentra, por circunstancias desconocidas sin agua.

6.- Revisar el alumbrado público en el tramo carretera Santa Marta-Cortes.

7.- Revisar el alumbrado público en Bergondiño.

8.- Precaria atención al público en el Centro médico de Bergondo. Buscar una solución.

9.- Instar al Consorcio por el retraso en la recogida de basura en Aldea de Arriba – Santa Marta.

10.- Mayor periodicidad en la recogida de vidrio en todo el ayuntamiento.

11.- Mejora en la señalización de los pasos de cebra, problemática en Guísamo a la altura del Bar Loly.

12.- Estudiar la posibilidad de creación de una glorieta a la entrada del Polígono de Bergondo (a la altura de la escuela de capacitación agraria), que permita el cambio de sentido para los usuarios de la cr. de Armuño.

13.- Pintado de carretera en la salida de Carrio (carretera de Sada-Betanzos) volver a pintar y poner línea discontinua a la altura de Calias.

14.- Reubicación de los contenedores en la carretera Cortes-Santa Marta por falta de visibilidad.

15.- Arreglar lo socavones en el Polígono de Bergondo.

16.- Instar al órgano competente para adoptar las medidas necesarias de seguridad vial en la carretera Gandarío-Sada.

En el tramo que va desde la glorieta situada en la salida de la playa de Gandarío hasta el límite con Sada, en repetidas ocasiones se han producido accidentes de gran magnitud por la peligrosidad de las curvas y la poca visibilidad.

Sra. alcaldesa en funciones: tomamos nota dos rogos presentados

PREGUNTAS:

1.- *¿Cuándo se tiene previsto empezar a ejecutar las obras para la nueva creación de panteones en los diferentes cementerios municipales?.*

2.- *¿En que fase se encuentra la remodelación del área de urbanismo?.*

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións e responde:

En relación á pregunta referida á área de Urbanismo xa se convocaron as prazas de un arquitecto e de un técnico da administración xeral, publicáronse as bases na páxina web do concello, e na *Voz de Galicia*; cando estes postos de traballo estean cubertos, axilizaranse os traballos pendentes.

En canto a pregunta dos panteóns, sabemos da enorme preocupación dos veciños e que hai necesidade en tódalas parroquias, pero aínda non están redactados os proxectos. Tratarase de que se leve a cabo ao longo deste ano.

O Grupo de Veciños de Bergondo, presentou os seus rogos e preguntas o día 28 de xaneiro, R.X. Entrada núm. 342; son os seguintes:

ROGOS:

“O pasado mes de xullo o propietario da vivenda núm. 2 do lugar coñecido como Loureda en Guísamo apropiouse dun tramo de 27 m. de camiño de acceso veciñal, instalando dous portais que pechan unha das saídas do devandito acceso, dando o uso de aparcadoiro de vehículos privado, quitando o acceso por un dos lados do camiño a varias leiras e vivendas.

O citado camiño foi, en outrora, acondicionado polo Concello de Bergondo, con grava e alumado público (tres farois), segundo contan os aldeáns.

Visto o anterior, os concelleiros do Grupo Municipal de Veciños de Bergondo, do Concello de Bergondo, de acordo co artigo 91.4 do ROF presenta o seguinte:

ROGO

1º Levantar acta policial da obra realizada no lugar de Loureda, identificando aos propietarios.

2º Solicitar a licenza de obra se existe, así como os títulos de propiedade do citado camiño de acceso.

3º De non existir licenza de obra, instarlle mediante a incoación de expediente urbanístico a que sexan retirados os elementos construídos nos prazos que marca a Lei, garantindo o seu cumprimento.”

A Sra. alcaldesa en funcións manifesta que toman nota do rogo presentado.

Sr. voceiro de VB: entregamos xa por rexistro un expediente respecto de este tema, para que conste na acta policial.

PREGUNTAS:

Non se presentaron.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego, presentou os seus rogos e preguntas o día 28 de xaneiro, R.X. Entrada núm. 382; son os seguintes:

ROGOS:

- 1) *Rogamos o arranxo das cunetas, ampliación do firme e recollida de augas no camiño que vai dende a casa de Pita á casa de Bellón en Cortiñán.*
- 2) *Reparar e repoñer enlosado na praziña do Caño en Bergondo.*
- 3) *Repoñer os aros das canastras en Cortiñán.*
- 4) *Rogamos se tramite a inclusión de Bergondo no Plan de Transporte Metropolitano.*
- 6) *Que se solicita a inclusión de Bergondo no Programa Anta para o Servizo de Transporte Adaptado.*

Sra. alcaldesa en funcións: tomamos nota.

PREGUNTAS:

- 1) *Situación da obra sobre o Rio Maior, en Lubre.*

Sra. alcaldesa en funcións: xa se está a executar de novo, houbo un parón técnico estes días, por unha modificación nunha rotonda, pero as obras seguen na actualidade con normalidade.

- 2) *¿Funciona con normalidade a EDAR de Santa Marta? ¿Cantas casas están enganchadas?.*

Sra. alcaldesa en funcións consultamos con Aquagest, e nos informaron que funciona con normalidade, na actualidade están aproximadamente vinte e dúas casas enganchadas.

- 3) *Dotación da biblioteca da Senra.*

Sra. alcaldesa en funcións: se se refire á dotación, a que no Orzamento non había unha partida específica para a da Senra, é debido a que era para as dúas, xa que é unha biblioteca única. Estamos rematando de catalogar os libros para levalos á Senra; de todos modos xa está funcionando como local de usos múltiples.

4) *¿En que punto se atopa a redacción do Regulamento de Participación Veciñal?*

Sr. voceiro do BNG: xa está contestada nas respostas que nos pasaron da sesión anterior.

Sra. alcaldesa en funcións: de todas maneiras, nas próximas fechas teremos unha xuntanza os portavoces dos grupos políticos para tratar sobre este tema; estas datas non foron as mais axeitadas; agora esperamos que baixe algo a morea de traballo nalgúns departamentos.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e dez minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa-presidenta en funcións, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa en funcións
(Decreto delegación de delegación
57/2008 de 28 de xaneiro)

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez